



O uso de pediluvios e/ou pulverización dos cascos con solucións apropiadas parécenos unha medida que debe ser implementada de forma rutinaria

Saúde podal en Portugal: patas saudables, bovinos produtivos

Neste artigo ofrecemos algunhas pautas de boas prácticas e de manexo adecuado para a saúde podal bovina e, consecuentemente, para a saúde dos animais.

Paulo Hess

Técnico en Podoloxía Bovina en Finca Pé Macieira da Lixa, Felgueiras (Portugal)



A través da nosa experiencia, dámonos de conta de que existe nos últimos anos un despertar crecente nas explotacións en relación a este aspecto, que consideramos de grande importancia para lograr unha boa mobilidade nos animais.

Cada vez máis os produtores ven a pedicura preventiva como unha operación esencial e gran parte dos nosos clientes xa non prescindir dunha visita regular a súa granxa. Unha visita cunha periodicidade máis ou menos mensual permite unha personalización do servizo de pedicura en cada explotación. Esta frecuencia posibilitáanos non só reducir rapidamente o número de vacas coxas, acometidas dalgunha forma de coxeira grave, senón tamén mellorar a mobilidade de todo o efectivo.

Pensamos que o investimento máis valioso é a preparación dos animais para iniciar a lactación. Todas as vacas e xovencas deben ser inspec-

► O RECORTE PREVENTIVO, A VIXILANCIA DE LESIÓNS E UN MANEXO ADECUADO SON FUNDAMENTAIS PARA A SAÚDE PODAL

cionadas para garantir que os cascos estean nas mellores condicións antes das últimas semanas de xestación; desta forma non só se detectan e son tratadas convenientemente lesións nun período de descanso e maior dispoñibilidade metabólica, senón que dotamos os animais dunha menor probabilidade de desenvolver coxeiras no período crítico das primeiras semanas de lactación; unha segunda inspección e/ou recorte de cascos poden ser programados entre os 120-150 días en lactación conforme as necesidades individuais de cada animal e/ou estable.

Cremos tamén que un pedicuro profesional ten a misión de monitorizar os puntos de risco de cada explotación que poden comprometer a saúde podal dos animais e tentamos aconsellar o produtor para que adopte as mellores medidas caso por caso. Algúns factores, como tipo e hixiene dos pisos, comodidade e descanso, acceso e dispoñibilidade á auga e á comida, estrés por calor, tempo de espera para o muxido... mantémoslos constantemente baixo vixilancia.

Para obter un mellor resultado, os cascos deben ser inspeccionados de forma temperá (en xatas e xovencas), buscando sinais de crecemento esaxerado e/ou irregular ou do desenvolvemento de lesións como a dermatite dixital, que ten unha gran tendencia a facerse crónica e é de difícil resolución definitiva. Nestes casos un tratamento adecuado e rápido é fundamental, pero cremos que a mellor maneira de reducir o impacto desta lesión é proporcionarlles aos animais as mellores condicións de hixiene das camas e pisos para reducir a exposición dos cascos á acción química do xurro, que lle abre

camiño a esta infección oportunista. O uso de pediluvios e/ou pulverización dos cascos con solucións apropiadas parécenos unha medida que debe ser implementada de forma rutinaria.

Igualmente, consideramos que as explotacións que lles ofrecen aos animais en lactación a posibilidade de deitarse confortablemente en camas ben amortecidas, ben dimensionadas, sen obstáculos e limpas son as que conseguen os mellores resultados.

Así mesmo, nos últimos anos estamos a asistir a un verdadeiro espartar cara á atención do impacto da calor (estrés térmico) sobre o rendemento e a produción dos animais. Son cada vez máis as granxas que dobran esforzos para diminuír os efectos negativos das temperaturas elevadas. Unha vaca leiteira ten unha amplitude térmica “óptima” aproximadamente entre os 14 e os 19 °C. Todos os esforzos, como a construción de establos altos e con boa ventilación, ventilación forzada, a dispersión de auga con aspersores... parécennos moi importantes para garantir unha temperatura ideal e reducir ao mínimo o tempo que os animais pasan de pé enriba dos cascos.

En resumo, somos da firme opinión de que o recorte preventivo (que devolve a forma e a función aos cascos), a vixilancia de lesións e o seu inmediato tratamento, así como a adopción de medidas de manexo para que as vacas permanezan deitadas confortablemente o maior número de horas posible, son fundamentais para a saúde podal. Desta forma garántese que as vacas “chegan o máis lonxe posible”, expresando todo o seu potencial na produción leiteira. ■



A construción de establos altos e con boa ventilación [...] é moi importante para garantir unha temperatura ideal e reducir ao mínimo o tempo que os animais pasan de pé enriba dos cascos